



Concello de Vigo
Expte. 4855/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 5/2025

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 13 DE MARZO DE 2025

ORDE DO DÍA

ÚNICO. Resolución sobre medidas a tomar para que Vigo se converta en Porto Nodal.
Expte. Pleno 4856/1101.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde
Alonso Suárez, Olga
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura
Iglesias López, Patricia
López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier

NON ASISTEN:

Aguiar Castro, Yolanda, concelleira do grupo municipal Socialista.
Aneiros Pereira, Jaime, concelleiro do grupo municipal Socialista
Lago Barreiro, M.^a del Carmen, concelleira do grupo municipal Socialista



No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte e seis minutos (09:26) do día trece de marzo do ano dous mil vinte e cinco (13/03/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constitúíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

ÚNICO.(36). RESOLUCIÓN SOBRE MEDIDAS A TOMAR PARA QUE VIGO SE CONVERTA EN PORTO NODAL. EXPTE. PLENO 4856/1101.

ANTECEDENTES: Con data 10 de marzo de 2025, a Alcaldía presenta no Rexistro Xeral do Pleno 4856/1101, a seguinte proposta de acordo,

«ASUNTO: RESOLUCIÓN SOBRE MEDIDAS A TOMAR PARA QUE VIGO SE CONVERTA EN PORTO NODAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É innegable a gran importancia do Porto de Vigo na economía da cidade e de toda Galicia. Desde a automoción, liderada por Stellantis, coa saída de automóviles e compoñentes, ata o tráfico de peixe fresco e conxelado ou de tantos produtos fabricados na comunidade autónoma.

O Porto de Vigo, un dos principais de Europa, debe ter o tratamento que merece.

A consideración de Portos Nodais en Europa decídese fundamentalmente por criterios de cantidade de carga. Non obstante, deben introducirse novos parámetros nesta decisión: o valor da mercadoría, o valor engadido na produción e a cantidade de produtos alimentarios. Neste sentido, Vigo caracterízase por ser un porto con mercadoría de altísimo valor e que mantén a cadea de produción de valor engadido de toda a economía do sur de Galicia.

Por iso é preciso e necesario cambiar o enfoque actual introducindo a variable do valor da mercadoría con independencia da tonelaxe.

A Xunta de Galicia ostenta as competencias na designación do presidente da Autoridade Portuaria e dunha parte substancial do Consello de Administración. E, polo tanto, ten unha enorme capacidade de decisión no concernente ao Porto. Con todo, a Xunta non adoptou ningunha decisión para conseguir que Vigo se convertese en Porto Nodal. Así, o presidente da Xunta, na rolda de prensa posterior á súa reunión co presidente do Goberno, non fixo ningunha referencia a que este tema fose tratado. De feito, nunca se formulou en ningún momento ao Goberno.

Por estas razóns, desde o Concello de Vigo propoñemos que se cree un grupo de traballo no que estean presentes Portos do Estado e, por tanto, o Goberno de España, a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e o Porto de Vigo, co fin de estudar as medidas que se deben tomar e as propostas á Comisión Europea para que os criterios de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:17	Páxina 2 de 6
4877-1101	CSV: ADAEEC-893DEB-844AAC-MGNKY8-63Z8B6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

selección se adapten ao anteriormente citado: tonelaxe, valor da mercadoría e algo tan importante como o tránsito de produtos alimentarios. Vigo é un dos grandes portos pesqueiros do mundo. Consideramos que, sen este enfoque, non se producirá o crecemento necesario da terminal viguesa, que está a ser impedido pola Xunta de Galicia coa súa desidia.

Outro aspecto que debe ser considerado son as comunicacións terrestres do Porto de Vigo, tanto ferroviarias como por estrada. En relación co ferrocarril, está en marcha a mellora da rede ferroviaria de acordo cos obxectivos europeos, levada adiante polo Goberno de España. As comunicacións por estrada do Porto de Vigo son, con todo, deficientes. Unha das saídas debe realizarse por autoestrada de peaxe, e a outra, a través da A-55, unha vía de alta perigosidade e con perda de moito tempo na viaxe.

Por estas razóns, debe levarse adiante a autovía en túnel a O Porrino para prolongar a A-52 ata Vigo e o Goberno debe continuar coa mellora do ferrocarril á maior brevidade posible.

O Porto de Vigo xa conta con ferrocarril, situado en Guixar, o lugar correcto, pero é preciso adaptar esa terminal ás necesidades loxísticas das novas demandas do transporte de mercadorías por ferrocarril. É necesario combinar a loxística coas propias infraestruturas do Porto para atender as necesidades de transporte do século XXI.

É unha demanda de Stellantis, que respaldamos, que a terminal de Bouzas sexa dedicada ao tráfico de exportación de vehículos de Stellantis en toda a superficie que sexa precisa, o que descarta completamente o ferrocarril ata Bouzas. Pero aínda máis importante, desde a cidade rexeitamos frontalmente o ferrocarril a Bouzas, que rompería A Salgueira, Gran Vía, Avenida de Castelao, parte de Alcabre, urbanización Sotavento e o paseo da Terminal de Bouzas.

Por estes motivos, elévase ao Pleno do Concello de Vigo, para ser tratada de forma urxente, a seguinte proposta.../...»

Deseguido a Alcaldía emite a proposta de acordo que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezaseis (16) votos a favor dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia; cinco abstencións (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e tres (3) votos en contra dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro, Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

1. Lamentar que a Xunta de Galicia non exercese as súas competencias para que Vigo se convertese en Porto Nodal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:17	Páxina 3 de 6
4877-1101	CSV: ADAEEC-893DEB-844AAC-MGNKY8-63Z8B6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Demandar ao Goberno de España que teña presente a enorme importancia económica de Vigo como porto exportador e o seu gran impacto positivo na economía do sur de Galicia aos efectos da súa designación como porto nodal.
3. Que se constitúa un grupo de traballo integrado polo Ministerio de Transportes, a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e o Porto de Vigo co fin de elaborar a proposta que se trasladará á Comisión Europea para que na seguinte declaración de Portos Nodais se teñan en conta cuestións tales como o valor da mercadoría, o valor engadido que xeran as mercadorías que se cargan e descargan nos portos, a cantidade de produtos de alimentación e a súa capacidade de exportación.
4. Que o Goberno de España e a Comisión Europea continúen o proceso de modernización da rede ferroviaria de mercadorías do conxunto do Arco Atlántico e as conexións de Vigo co resto de Europa.
5. Que se dote o espazo ferroviario de Guixar de todo o necesario para o desenvolvemento loxístico que reclama a modernización do transporte ferroviario no Porto.
6. Que a terminal ferroviaria de Guixar sexa ampliada, utilizando os terreos de ADIF
7. Que a terminal de Bouzas sexa destinada polo Porto de Vigo, preferentemente e en todo o que necesite, á exportación de automóbiles de Stellantis. Razón que imposibilita calquera terminal ferroviaria.
8. Rexeitamos frontalmente a construción dun ferrocarril a Bouzas por romper e producir un dano irreversible na cidade (A Salgueira, Gran Vía, Avenida de Castelao, parte de Alcabre, urbanización Sotavento e o paseo da Terminal de Bouzas).
9. Apoiar o proxecto da nova Autovía Vigo-Porriño en túnel, de acordo coa decisión adoptada no pleno extraordinario do Concello de Vigo do 06/03/25.
10. Demandar do Goberno de España a liberalización da peaxe en toda a autoestrada AP-9 e con carácter prioritario no tramo Vigo-Pontevedra, recoñecendo todas as reducións que este Goberno e o Goberno de Zapatero estableceron sobre a peaxe.

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno extraordinario Porto Nodal
Lexislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Data Inicio: Xoves, 13 de Marzo de 2025 09:27:31
Data Fin : Xoves, 13 de Marzo de 2025 09:47:21
Duración : 00:19:50

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3547

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 253 MiB



Copia do documento - Concello de Vigo
4877-1101

Data impresión: 22/05/2025 10:17

Páxina 4 de 6

CSV: ADAEEC-893DEB-844AAC-MGNKY8-63Z8B6-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Url -
https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/APQo7S9uJyvHs0l7QYxt499TJB1WRMGPP359ZmFc0vzAqYwF.wmv
SHA512 - 53bf19905aff50e10adcf024146103f15d9987e7c3160a1a5ee1895fbd29fbaa929a231b9917b48dc33fd8476848b9cce959196bce735ef2cf4b81303dcad52f

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 99 MiB
Url -
https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/XzPxv46u9vVSpCMKSQP0ZYlDM0YHDrxtTXFR3uMh3LN8gjRX.mp4
SHA512 - 29dca448dcab66fd8b22dc1446a3794ca25c71e7aa1c93d4d71433300a0be8ab71aa1b19145980153bb19eeb245a9162decab27539d755b9e5d97036d7ff344e

- Minutaxe

00:00:00 - Asistentes : Asunto : Pleno extraordinario Porto Nodal
Lexislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Data Inicio: Xoves, 13 de Marzo de 2025 09:27:31
Data Fin : Xoves, 13 de Marzo de 2025 09:47:21
Duración : 00:19:50

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3547

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 253 MiB
Url -
https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/APQo7S9uJyvHs0l7QYxt499TJB1WRMGPP359ZmFc0vzAqYwF.wmv
SHA512 - 53bf19905aff50e10adcf024146103f15d9987e7c3160a1a5ee1895fbd29fbaa929a231b9917b48dc33fd8476848b9cce959196bce735ef2cf4b81303dcad52f

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 99 MiB
Url -
https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/XzPxv46u9vVSpCMKSQP0ZYlDM0YHDrxtTXFR3uMh3LN8gjRX.mp4
SHA512 - 29dca448dcab66fd8b22dc1446a3794ca25c71e7aa1c93d4d71433300a0be8ab71aa1b19145980153bb19eeb245a9162decab27539d755b9e5d97036d7ff344e

- Minutaxe

00:00:00 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario;
Oradora invitada; Asiento 5; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:17	Páxina 5 de 6
4877-1101	CSV: ADAEEC-893DEB-844AAC-MGNKY8-63Z8B6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier; Remoto;

00:00:00 : UNICO. Resolución sobre medidas a tomar para que Vigo se converta en Porto Nodal. Expte. Pleno 4856/1101.
 00:00:00 - López Font, Carlos
 00:04:57 - Caballero Álvarez, Abel
 00:05:02 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:10:10 - Caballero Álvarez, Abel
 00:10:14 - Sanchez Mendez, Luisa María
 00:15:13 - Caballero Álvarez, Abel
 00:15:27 - López Font, Carlos
 00:18:28 - Caballero Álvarez, Abel
 00:18:44 - Votación [9:46:11]
 00:19:50 : [FIN]

-- 0 --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e cincuenta minutos (09:50) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 5/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2025.
 am.

A PRESIDENCIA
 Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
 Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 22/05/2025 10:17	Páxina 6 de 6
4877-1101	CSV: ADAEEC-893DEB-844AAC-MGNKY8-63Z8B6-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		